

SORTEOS DO NADAL NA PRAZA DE ABASTOS DA POBRA DO CARAMIÑAL *CONSEGUE CARAMIÑAS, COMPARTE NADAL*

PRIMEIRA. Entidade organizadora

A entidade organizadora é o Concello da Pobra do Caramiñal, a través da Concellaría da Promoción Económica.

SEGUNDA. Eido e temporalidade da campaña

A dita campaña desenvolverase na praza de abastos da Pobra do Caramiñal entre os días 1 de decembro e 20 de decembro de 2025 (ámbolos dous incluídos).

TERCEIRA. Desenvolvemento da campaña

As persoas comerciantes da praza de abastos da Pobra do Caramiñal entregarán á súa clientela un boleto por cada 10 euros de compra. Neste, a clientela deberá cumprimenta-los seus datos persoais (nome, apelidos e teléfono de contacto) e posteriormente depositalo nas urnas que estarán situadas nun lugar visible nas instalacións da mesma praza.

Con tódolos boletos depositados, terán lugar dous sorteos: o primeiro deles será no día **15 de decembro ás 12:00 h** e o segundo será no día **22 de decembro ás 12:00 h** na praza de abastos. No momento do sorteo extraeranse dúas papeletas por premio, de maneira que, se en 24 horas non se localiza a persoa gañadora, poida utilizarse coma reserva a segunda papeleta.

CUARTA. Premio

O premio consistirá en vales de compra (Caramiñas) para consumir na propia praza de abastos nos produtos das ceas de Nadal (os resultantes do sorteo do 15 de decembro) e de Noitevella (os resultantes do sorteo do 22 de decembro). As persoas gañadoras do sorteo do 15 de decembro, deberán trocar os seus vales dende o 15 ata o 24 de decembro e as persoas gañadoras do sorteo do 22 de decembro deberán facelo entre os días 22 e 31 de decembro.

Entregaranse 7 premios en cada un dos sorteos:

- 1º premio**, consistente en 400 € de Caramiñas
- 2 segundos premios**, consistentes en 200 € de Caramiñas
- 4 terceiros premios**, consistentes en 100€ de Caramiñas

QUINTA. Persoas participantes

Poderán participar todas aquelas persoas físicas maiores de 18 anos que efectúen as súas compras na praza de abastos da Pobra do Caramiñal.

Os datos persoais que figuren nos boletos só se utilizarán para o destino para o que foron facilitados.